



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 006

Resolución da Alcaldía-Presidencia

Asunto.- Nomeamento dun/ha funcionario/a interino/a pertencente ao grupo A, subgrupo 2, escala de Administración Especial, Subescala Técnica, denominación Traballador/a social durante un prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses por acumulación de tarefas a causa da COVID-19.

Logo de ver que o pasado 25 de maio de 2020 iniciouse pola esta Alcaldía expediente administrativo coa finalidade de levar a cabo a selección dun/ha funcionario/a interino/a pertencente ao grupo A, subgrupo 2, escala de Administración Especial, subescala técnica, denominación Traballador/a social mediante o sistema de concurso libre e a creación de bolsa de traballo para a mesma categoría.

Logo de ver que a Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 27 de maio de 2020 deulle aprobación á convocatoria do correspondente procedemento de selección, ás bases que a rexeron e ao gasto que representa, previa fiscalización favorable pola intervención municipal.

Logo de ver que o expediente foi tramitado correctamente e que unha vez celebradas as probas selectivas, o Tribunal cualificador das mesmas, elevou a esta Alcaldía a relación definitiva de aspirantes aprobados propoñendo a contratación do que obtivo a puntuación total máis alta (actas do 10.07.2020 e do 07.08.2020 do tribunal), co seguinte detalle:

APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	TOTAL
RODRIGUEZ VIDUEIRA NATALIA	****452**	5	3,90	8,90

Logo de ver que citada esta primeira seleccionada a mesma presentou renuncia formal ao desempeño do posto de traballo ofertado, procedeuse ao chamamento da seguinte aspirante que tamén superou as probas, María Pilar Seoane Martínez.

APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	TOTAL
SEOANE MARTINEZ MARIA PILAR	****775**	5	3,70	8,70

Logo de ver que citada esta segunda seleccionada a mesma tamén presentou renuncia formal ao desempeño do posto de traballo ofertado, procedeuse ao chamamento da seguinte aspirante que tamén superou as probas, Beatriz Antiqueira Pérez.

APELIDOS E NOME	DNI	EXPERIENCIA	FORMACIÓN	TOTAL
ANTIQUÉIRA PEREZ BEATRIZ	****587**	5	2,35	7,35

Logo de ver que a aspirante relacionada anteriormente si **presentou en prazo** a documentación esixida na Base 9ª das que rexeron a convocatoria co obxecto de poder proceder ao seu nomeamento.

Logo de ver que a proposta de contratación formulada foi fiscalizada de conformidade pola intervención municipal nos seguintes termos:

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño <https://sede.concellodemino.gal> mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 – 15630 Miño
Telf.: 981 782 006

“En base ao exposto anteriormente esta Intervención informa favorablemente a convocatoria proxectada polo concello de Miño para a selección dun funcionario/a interino/a pertencente ao grupo A, subgrupo 2, escala de Administración Especial, Subescala Técnica, denominación Traballador/a social durante un prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses por acumulación de tarefas a causa da COVID-19, debendo respectar en todo caso as demais condicións e requisitos contidos nas bases que se presentaron a fiscalizar.”

Esta Alcaldía, á vista de todo o anterior, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local Miño, mediante a presente

RESOLVE:

Primeiro.- Nomear a Beatriz Antiqueira Pérez como funcionaria interina do concello de Miño no posto de Traballadora social por exceso ou acumulación de tarefas de carácter excepcional e circunstancial por un prazo máximo de 6 meses dentro dun período de 12 meses e se dispoña a súa toma de posesión para o vindeiro 17 de agosto de 2020.

As **retribucións** a percibir pola traballadora serán as seguintes:

- Subgrupo: A2
- Nivel de complemento de destino: 20
- Complemento específico anual (14 pagas): 9.418,92 euros

Segundo.- Notificar a presente resolución á interesada emprazándoa á sinatura da acta de toma de posesión o día 17.08.2020.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución aos servizos internos e á intervención municipal aos efectos oportunos e dar conta ao primeiro Pleno ordinario que se celebre.

Miño, na data que figura na marxe.

O alcalde

A secretaria

Asdo./ Manuel Vázquez Faraldo

Asdo./ Alejandra Rodríguez Menéndez